



ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESENTACIÓN DOS SERVIZOS DE PRAIA, CASETAS MUNICIPAIS, GARDARROUPA, DUCHAS E OUTRAS INSTALACIÓNS DE NATUREZA ANÁLOGA

Artigo 1.- Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por prestación de servizos ou a realización de actividades administrativas de competencia local, pola “prestación dos servizos de praia, casetas municipais, gardarroupa, duchas e outras instalacións de natureza análoga”, que se rexerá pola presente Ordenanza, as normas da cal atenden ao previsto no artigo 58 en relación co artigo 20.4.o), ambos da Lei 39/1998, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, de acordo coa modificación establecida na Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do Réxime Legal das Taxas Estatais e Locais e de Reordenación das Prestacións Patrimoniais e de Carácter Público.

Artigo 2.- Obrigados ao pagamento

Está obrigado ao pagamento da taxa regulada nesta Ordenanza quen se beneficie dos servizos ou actividades, prestados ou realizados por este Concello, a que se refire o artigo anterior.

Artigo 3.- Contía

1. A contía da taxa regulada nesta Ordenanza será a fixada na tarifa contida no apartado seguinte, para cada un dos distintos servizos ou actividades.
2. A tarifa desta taxa será a seguinte:

Epígrafe 1º.- Casetas de baño: **24,04 euros/mes**

Epígrafe 2º.- Duchas, gardarroupas e servizos sanitarios: **0,30 euros**

Epígrafe 3º.- Ocupación das mesas de cemento de titularidade municipal nas proximidades da praia e durante os meses de temporada de verán: **3,01 euros/día.**

Artigo 4.- Obrigación de pagamento

1. A obriga de pagamento da taxa regulada nesta Ordenanza nace desde que se preste ou realice calquera dos servizos ou actividades especificados no apartado 2 do artigo anterior.

2. O pagamento da taxa efectuarase no momento de entrar no recinto de que se trate ou ao solicitar a correspondente licenza ou autorización municipal.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Disposición final

A presente Ordenanza que consta de cinco artigos, entrará en vigor unha vez publicada no BOP e transcorrese o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e comezará a aplicarse a partir do día un de xaneiro de mil novecentos noventa e nove, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

